| SANTIAGO Y ALONSO ASESORES | 1 | 1 | **2** | C/ Arenal, 50 Int. 6º, Vigo | 1 alumna | 1 alumno |
| SPR ABOGADOS, S.L. | 2 | 2 | **4** | Urzaiz 17, 1º | 2 alumna | 1 alumna y 1 alumno |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| GESTORÍA PALLARÉS | 1 | 0 | **1** | Av. da Florida, 59, 36210, Vigo | 1 alumna | |
| LENER, ASESOR ES LEGALE | 0 | 1 | **1** | Colón, 12. Vigo | | 1 alumno |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| S Y ECONÓMICOS, S.L. | | | | | | |
| R&M ABOGADOS | 1 | 1 | **2** | Ordóñez, 30. Tui | 1 alumna | 1 alumna |
| CONSULADO DE PERÚ | 1 | 0 | **1** | C/Sanjurjo Badía, 68 | 1 alumna | |
| NOTARÍA D. ALFONSO RODRÍGUEZ PLANES | 1 | 1 | **2** | C/Reconquista, 1 Vigo | 1 alumno | 1 alumna |
| NOTARÍA D. ERNESTO REGUEIRA | 1 | 1 | **2** | C/Puerto Rico, Vigo | 1 alumna | 1 alumno |
| NOTARÍA D. JAIME ROMERO COSTAS | 1 | 0 | **1** | C/Urzáiz, Vigo | 1 alumna | |
| NOTARÍA D. J.M. GONZÁLEZ VARELA | 1 | 0 | **1** | Xeneral Gutiérrez Mellado, 2. Pontevedra | 1 alumna | |
| NOTARÍA D. JESÚS Mª. RODRÍGUEZ | 1 | 1 | **2** | Tui | 1 alumno | |
| NOTARÍA D. JOSÉ M. GONZÁLEZ SÁEZ | 1 | 1 | **2** | Redondela | 1 alumna | 1 alumno |
| FISCALÍA VIGO | 1 | 1 | **2** | C/Lalín, Vigo | 1 alumno | 1 alumno |
| Delegación Xunta en Vigo. Servicio de familia, infancia de dinamización demográfica | 1 | 1 | **2** | Vigo | 1 alumna | 1 alumna |
| Delegación Xunta en Vigo. | | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Servicio de coordinación administrativa | 1 | 1 | **2** | Vigo | 1 alumno | |
| Delegación Xunta en Vigo. Servicio Xestión Económica | 1 | 1 | **2** | Vigo | 1 alumno | |
| Delegación Xunta en Vigo. Xefatura territoria Consellería Economía, Emprego e Industria. Servizo de emprego e economía social | 3 | 3 | **6** | Vigo | 2 alumnos y 1 alumna | |
| Delegación Xunta en Vigo. Servicio de mediación, arbitraxe e conciliación (en réxime de rotación) | 1 | 1 | **2** | Vigo | 1 alumna | 1 alumna |
| Delegación Xunta en Vigo. Servizo de orientación e promoción laboral Xefatura da Consellería de Economía, Emprego e Industria | 0 | 1 | **1** | Vigo | | 1 alumna |
| Xunta. Oficina de emprego. Vigo | 3 | 3 | **6** | Vigo | 1 alumno y 2 alumnas | 1 alumna |
| Xunta. Oficina de emprego. Pontevedra | 1 | 0 | **1** | Pontevedra | | |
| Xunta. Oficina de emprego. Cambados | 0 | 1 | **1** | Cambados | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Xunta. Oficina de emprego. Porriño | 1 | 0 | **1** | Porriño | 1 alumna | |
| Xunta. Oficina de emprego. Cangas | 0 | 1 | **1** | Cangas | | |
| Xunta. Centro do empregador. Vigo | 1 | 1 | **2** | Vigo | 1 alumna | |
| Delegación Xunta en Vigo. Servicio de dependencia e autonomía persoal | 2 | 2 | **4** | Vigo | 2 alumnas | |
| Delegación Xunta en Vigo. Servicio de prestacións, inclusión e inmigración | 1 | 1 | **2** | Vigo | 1 alumna | 1 alumna |

Hai que ter en conta que durante o curso 2016/17 ofertáronse moitas máis prazas de prácticas externas no Grao en Dereito xa que coincidían os alumnos/ as do plan novo co antigo. Senón, o habitual é asignar un número similar en ambos os Graos (Dereito e RRLL e RRHH). Desenvolvéronse sen ningunha incidencia de forma satisfactoria. A nota media das prácticas externas sitúase nun notable alto /sobresaliente.

## Análise dos resultados do Grao en RRLL e RRHH

No que atinxe ao Grao en RRLL e RRHH, vanse analizar os resultados reflectidos polos indicadores do SGIC e que veñen contidos neste Informe de Revisión do Sistema pola dirección 2016/2017 e que atenden, fundamentalmente, ás seguintes cuestións: resultados académicos, satisfacción dos interesados, recursos humanos e inserción laboral.

**1.- Resultados académicos:**

No que atinxe aos resultados académicos alcanzados polo estudantado do Grao en RRLL e RRHH, os datos dos indicadores do SGIC alcanzados no curso 2016/2017 reflicten unha tendencia, que aínda que en ocasións non se aproxima moito á meta de calidade asociada, non é, en ningún caso, negativa. Estamos a falar aquí das taxas de rendemento, abandono, eficiencia, gradación, duración media dos estudos, etc. Para a correcta interpretación de todas estas taxas a indicadores cómpre ter moi en conta a súa definición e conformación prevista no "catálogo de indicadores" de centros e titulacións do Servizo de Calidade da Universidade de Vigo.

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/51/57

Xa que logo, cómpre salientar que a **duración medida dos estudios (I010-DO),** indicador fundamental para valorar os resultados académicos toda vez que mide "o número medio de anos que tardan os estudantes en graduarse", cumpre integramente a meta de calidade asociada. A devandita meta é de n+1 -onde n é o número de anos da titulación-, e o resultado alcanzado no curso 2016/2017 é de 5,06 anos.

Tamén son positivos, os resultados acadados nas **taxas de rendemento, eficiencia e éxito** dos estudantes da titulación, e cumpren, ou case que cumpren, as metas de calidade propostas. Por exemplo, a **taxa de rendemento (I011-DO)** que representa "a relación porcentual entre o número de créditos superados polas persoas matriculadas

nun curso académico e o número total de créditos matriculados en dito curso académico (os créditos recoñecidos e transferidos non están incluídos dentro dos créditos superados nin nos créditos matriculados)" cumpre plenamente a meta de calidade (66% fronte a ≥65%) e ademais mantense estable dende o curso anterior (2015/2016). No que se refire á **taxa de eficiencia (I013-DO)** que representa "a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un/unha estudante ao longo da titulación na que foi egresado/a e o número total de créditos nos que se matriculou", case alcanza a meta proposta (83 % fronte a ≥85 %). Por último, a **taxa de éxito (I015-DO)** que se define pola relación porcentual existente entre "o número de créditos superados polas persoas matriculadas nun curso e o número total de créditos presentados a exame en dito curso académico (os créditos recoñecidos e transferidos non están incluídos dentro dos créditos superados nin nos créditos matriculados)", supera a meta de calidade ( 83 % frente a ≥80 %).

Todos estes datos, lévanos a concluír que os resultados académicos alcanzados polos estudantes do Grado en RRLL e RRHH, durante o curso 2016/2017, son máis que satisfactorios. De todos os analizados, a **duración media dos estudos**, sen dúbida é relevante. Porén os máis representativos a estes efectos son **as taxas de rendemento, eficiencia e de éxito**. E dende logo, o seu íntegro cumprimento ou aproximación a meta de calidade, permiten defender con rotundidade unha avaliación positiva da Titulación. Con todo, tamén é certo que outros resultados de indicadores de resultados académicos dos estudantes do Grao en RRLL e RRHH non son todo o positivos que deberían, ou aínda non cumpren as metas de calidade asociadas. Quizais, as devanditas metas foron planificadas no seu día sen moitas apoiaturas. Con todo, elo podería estar xustificado tendo en conta a novidade dos estudos de RRLL e RRHH como titulación de Grao fronte á tradicional diplomatura -a implantación do Grao en RRLL e RRHH na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo tivo lugar no curso académico 2009/2010- e de aí certas expectativas sen moitos argumentos de base. Esta mesma razón poder ser unha das causas dunha **taxa de abandono (I012-DO)** superior á meta de calidade e dunha **taxa de**

**gradación (I014-DO)** inferior á devandita meta. Os resultados concretos son os seguintes: **taxa de abandono** un 32.61 % fronte a unha meta de calidade que aspira a un ≤20 % e unha **taxa de gradación** do 29,67 % frente á meta fixada de ≥ 40 %. Segundo o referido "catálogo de indicadores", a taxa de abandono defínese como a "porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso no curso X, matriculados no título T, na Universidade U, que sen terse graduado nese título non se matricularon nos dous cursos seguintes ao de ingreso" e a de gradación "porcentaxe de estudantes que finalizan a ensinanza no tempo teórico previsto no plan de estudos ou un curso máis".

Por suposto, que nos vindeiros anos a **taxa de abandono** ten que reducirse e a de **gradación i**ncrementarse. Haberá que pescudar as causas dos resultados acadados, a través de todos os medios e instrumentos dos que dispón a Universidade, e por suposto o Centro e a Titulación. En particular, no que atinxe a estes últimos serán fundamentais as opinións dos estudantes a través do Plan de Acción Titorial e as reunións de coordinación con todos os docentes da Titulación.

**2.- Satisfacción dos distintos colectivos interesados:**

De todo o panel de indicadores do SGIC, quizás os de satisfacción dos distintos colectivos implicados nos estudos do Grao en RRLL e RRHH conforman o seu punto máis débil. Pois aínda que moitos deles non presentan meta de calidade asociada, nin tan sequera son especialmente baixos –agás un deles en particular, todos os demais superan os 3 puntos sobre 5-, en termos xerais poderían ser máis elevados, especialmente os dos estudantes. Por exemplo, o **grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino (I05-DO)** que é de 2,93 cando a meta de calidade asociada é de ≥3/5. Outros son algo máis elevados. Así sucede, en termos xerais, co **grao de satisfacción do estudantado (I02-MC)** que é de 3,01 mentres que os **das persoas tituladas (I04-MC)** ascende a 3,46. Con todo, neste último indicador hai que valorar positivamente que houbo un importante incremento en relación co resultado acadado no curso 2015/2016 que solo fora de 2,96. Non obstante, e seguindo coa satisfacción

dos estudantes, hai que salientar que as súas valoracións melloran cando se trata de avaliar a **actividade docente do profesorado (I05-DO)**, pois aquí o resultado ascende a 3,88. Dende logo, un resultado positivo, como é o da actividade do profesorado por parte dos seus principais destinatarios, os estudantes, é importante a efectos de avaliar positivamente a calidade dunha Titulación. No que atinxe aos demais resultados, non tan positivos, non hai que esquecer que o plano de estudos do Grao en RRLL e RRHH foi reformado no ano 2014 e comenzou a súa implantación progresiva no curso 2015/2016. E a día de hoxe, o proceso todavía non está rematado. No presente curso (2017/2018) se está impartindo 1º, 2º e 3º do novo plano de estudos. A reforma buscaba, precisamente, corrixir determinadas disfuncións que presentaba o plano de estudios orixinario, o do ano 2009, disfuncións que foran postas de manifesto no desenvolvemento dos correspondentes Planes de Acción Titorial (PAT) anuales, enquisas de satisfacción dos estudantes e reunións de coordinación, e que todavía parecen deixar a súa pegada nos vixentes resultados de indicadores de SGIC. Non obstante, e pese á modificación do plano de estudos, para os vindeiros anos, haberá que efectuar un seguimento moi directo destes indicadores coa idea de incrementar os resultados ou no caso contrario identificar os obstáculos para corrixilos ou superalos. Dende logo, somos conscientes de que o Plan de Acción Titorial é unhas das ferramentas máis útiles para que os estudantes trasladen as debilidades das que, segundo a súa opinión, presenta a planificación das ensinanzas. Posteriormente, dende a Coordinación do título ou no seu caso, dende a Xunta de Titulación ou Decanato, deberán adoptarse as medidas oportunas.

Fronte ao grao de satisfacción dos estudantes coa Titulación, melloran bastante os resultados dos indicadores de **satisfacción do profesorado**, tanto en termos xerais **(I03-MC)**, como no que atinxe á **planificación e desenvolvemento do ensino (I06-DO):** no primeiro caso o resultado é de 4,03 (non existe meta de calidade asociada) e no segundo un 4,17 cando a meta de calidade está sinalada en ≥3,5/5. Na **satisfacción dos empregadores co título (I06-MC)** non existen resultados para o curso 2016/2017,

existindo soamente para o 2015/2016 onde superaba tamén os 4 puntos. Todos estes datos nos leva a concluir que o grado de satisfacción co título é óptimo para o profesorado e para os empregadores.

**3.- Recursos Humanos:**

Aínda que o Centro non ten asignadas competencias sobre a contratación de profesorado, cómpre efectuar unha avaliación dos seus máis importantes indicadores incluídos no SGIC pois son moi relevantes para a avaliación de calidade dunha Titulación. E a estes efectos, un dos máis representativos é o **profesorado por categoría (I03 (2)-PE).** Aquí non existe meta asociada, polo que os existentes non deben cumprir, ou polo menos, tender ao cumprimento de ningunha meta. Elo é lóxico, pola razón antes mencionada: os centros non teñen competencias para a contratación de persoal, sendo unha materia da Vicerreitoría competente.

E centrándonos nos números existentes para curso 2016/2017, é importante salientar o considerable número de doutores, fronte aos que non teñen esta Titulación, sobre todo tendo en conta que a recente conformación da Titulación como Grao –ano 2009-, procedendo dunha diplomatura universitaria –ano 1990- e dunha longa historia como Escola allea á Universidade. En concreto, o número de doutores ascende a 20, entre os que se atopan 2 Catedráticos de Universidade. Ben e certo que é importante o número de profesores asociados que imparten na Titulación –constan 21-. Con todo, lonxe de representar un desvalor, é de xustiza recoñecer o seu valor engadido para complementar unha docencia máis teórica e aproximar aos estudantes á realidade profesional que se van atopar cando finalicen os seus estudos.

Como datos obxectivos que acreditan a cualificación do profesorado, hai que destacar os seguintes: a **cualificación do PDI (I02-PE)** que alcanza un 49,28 % estando fixada a meta de calidade asociada en ≥ 50%. E **resultados de investigación de carácter académico (sexenios) (I03-PE)** que nada menos que ascende a 18. Para avaliar este último dato, hai que ter en conta que unicamente poden concorrer á convocatoria de

sexenios profesores doutores con vinculación permanente na UVigo. Xa que logo, dos 20 doutores da titulación, solo son 14 permanentes. É dicir, tendo en conta os 18 sexenios, varios deles xa teñen cando menos 2 o que reflexa unha importante produción de investigación que necesariamente será trasladada á docencia.

Por último, no que atinxe á participación do **profesorado en programas de formación (I017(2)-PE)** o dato non parece demasiado alto, sendo en todo caso mellorable. Con todo, si se compara co curso 2015/2016 o incremento é considerable: de 5 participantes pásase a 11.

**4.- Inserción Laboral:**

No que atinxe aos datos de inserción laboral dos egresados/as en RRLL e RRHH da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo o propio panel de indicadores do SGIC **(I14),** que forma parte deste informe, remítese ao Portal de Transparencia da propia Universidade no que constan os datos de todas as titulacións.
https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21

O problema é que os últimos datos que constan neste portal son dos titulados no curso académico 2010/2011 e non constan de cursos posteriores. Ben é certo que un estudo desta natureza necesita deixar unha marxe temporal posterior á finalización dos estudos de Grao. Con todo, unha análise que se remonta aos egresados de sete anos atrás, non é realmente representativa da realidade. En calquera caso, nos datos aí contidos se indica que dos diplomados en RRLL (non existen datos para os actuais estudos de Grao) traballa o 64,10 % e en algo relacionado coa devandita titulación o 56,40 %, datos que non son nada despreciables.

Con respecto ás prácticas externas do Grao en RRLL e RRRHH achégase a seguinte táboa:

| LISTADO DE DESTINOS PRÁCTICAS EXTERNAS RRLL E RRHH 16/17. ADXUDICACIÓNS 15/12/16 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | PERÍODO | | | | |
| | TOTAL | 1º | 2º | | | |
| TOTAL PRAZAS OFERTADAS | 52 | 24 | 26 | | | |
| NOME EMPRESA/INSTITUCIÓN | | | | DIRECCIÓN | ALUMNADO PRIMER PERIODO | ALUMNADO SEGUNDO PERIODO |
| AIMEN | 2 | 1 | 1 | Polígono Industrial de Cataboi SUR PPI-2 (Sector 2) O Porriño, 36418 | 1 alumna | 1 alumna |
| AG GALICIA. Agencia de Colocación | 2 | 1 | 1 | Rúa/Calle Arenal nº 50, interior, Piso 5ºD y 6º, Vigo | 1 alumno | 1 alumna |
| AMOEDO ASESORES | 2 | 1 | 1 | R/Virxe dos Remedios, 2, Ponteareas | | |
| ASERGALICIA | 2 | 1 | 1 | C/ Redondela, nº 11, bajo – Ponteareas | | |
| DOCAMPO AMOEDO, FERNANDO | 1 | 0 | 1 | R/ Vimbios, 2. Redondela | | 1 alumna |
| FISELA ASESORÍA | 1 | 1 | 0 | C/Gregorio Espino, 48 Portal 3 Bajo 1 (Plaza de Las Palmeras) Vigo (Pontevedra) | 1 alumno | |
| GARCÍA, VIVIANA | 2 | 1 | 1 | Colón, 7. Vigo | 1 alumna | |
| GESDEGAL MOAÑA | 1 | 0 | 1 | Av. Concepción Arenal, 20, 36958, MOAÑA | | |
| GESGLOBAL | 2 | 1 | 1 | García Barbón, 56, entresuelo B-D Vigo | 1 alumna | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| GESTORÍA CALDAS | 2 | 1 | 1 | R. ALFONSO X O SABIO, 3, 1º Vigo | 1 alumna | 1 alumna |
| GESTORÍA PALLARÉS | 1 | 0 | 1 | Av. da Florida, 59, 36210, Vigo | | 1 alumna |
| IMÁN ETT | 1 | 1 | 0 | Avda. Camelias, 30, Vigo | 1 alumno | |
| INBOBE | 2 | 1 | 1 | CVelázquez Moreno nº29 Planta 3. | 1 alumno | 1 alumna |
| LABORA ASESORES | 2 | 1 | 1 | Travesía de Vigo, 146 BJ – Vigo | 1 alumno | 1 alumna |
| MÍGUEZ Y VIGO, S.L. | 5 | 2 | 3 | Colón, 7. Vigo | 1 alumna y 1 alumno | 2 alumnas |
| MUTUA UNIVERSAL | 2 | 1 | 1 | Plaza Compostela, Vigo | 1 alumna | 1 alumno |
| PSA PEUGEOT CITROËN | 2 | 1 | 1 | Avda. Balaídos. Vigo | 1 alumna | 1 alumna |

Hai que ter en conta que durante o curso 2016/17 ofertáronse moitas máis prazas no Grao en Dereito xa que coincidían os alumnos/ as do plan novo co antigo. Senón, o habitual é asignar un número similar en ambos os Graos (Dereito e RRLL e RRHH). Desenvolvéronse sen ningunha incidencia de forma satisfactoria. A nota media das prácticas externas sitúase nun notable alto /sobresaliente.

## Análise dos resultados do Mestrado en Avogacía

### 1.- Resultados académicos:

**Grao de satisfacción manifestado polos diferentes colectivos que participan no mestrado en avogacía impartido no campus de Vigo e Pontevedra (curso 2016/17)**. En relación cos resultados expostos no panel de indicadores do SGIC, chama a atención o baixo grao de satisfacción manifestado polo alumnado fronte a alta satisfacción posta de manifesto tanto polo profesorado (4.58) como polos empregadores (4.18/5). Esta alta cualificación é moi gratificante para os órganos de dirección do mestrado tendo en conta que estes colectivos son, en definitiva, os que realizan unha valoración final obxectiva dos coñecementos, competencias e habilidades adquiridas polos estudantes deste título. Por outra banda, este non é un dato novidoso xa que a elevada puntuación destes sectores respecto do mestrado xa se observaba na táboa de resultados publicados no curso 2015/16. Esta traxectoria no grao de satisfacción destes colectivos, pon de manifesto que profesorado e empregadores atópanse con estudantes que acadaron no marco do mestrado en avogacía pola Universidade de Vigo unha formación óptima.

Tamén a valoración realizada polas persoas tituladas (3.33/5) alóxanse da puntuación media conferida polos estudantes (2.85). Agora ben, hai que poñer de manifesto a gran disparidade entre a puntuación outorgada polos egresados/as de avogacía Vigo (3.63) dos de avogacía-Pontevedra (2.83) descoñecendo as causas de mesma xa que todo o alumnado, dun e doutro mestrado, superou con éxito as probas de acceso a profesión de avogado.

Volvendo a valoración do grao de satisfacción do estudantado co título é necesario salientar que varía significativamente entre o campus de Vigo e o de Pontevedra. Mentres o alumnado deste campus outorga ao mestrado unha puntuación media de

3.22 sobre 5, a valoración de Vigo baixa a unha media de 2.48. Esta cualificación, claramente insuficiente, incide moi negativamente no resultado global final da puntuación (2.85), provocando un descenso respecto do resultado obtido o pasado curso 2015/16.

Todo o exposto nos leva a concluir que o grao de satisfacción co título é óptimo para o profesorado (4.58) e para os empregadores (4.18), suficiente para o alumnado de avogacía-Pontevedra e insuficiente para o alumnado de avogacía-Vigo. Consideramos que o Plan de Acción Titorial, cuxa organización e desenvolvemento foi reforzada durante o curso 2016/17, é a ferramenta mais útil da que dispón o mestrado para que o alumnado traslade as debilidades das que, dende o seu parecer, adoece a configuración e xestión do título. Posteriormente, tanto dende a coordinación do título como dende a CAM, alertadas da posible problemática ou deficiencias detectadas, se adoptan as medidas oportunas para solventalas.

**2.- Grao de satisfacción dos diferentes colectivos coa planificación e desenvolvemento do ensino.** Polo que se refire a este suposto concreto, a valoración realizada polos distintos sectores (estudantes, profesores, persoas tituladas) é similar á exposta no apartado precedente. Isto significa que o grao medio de satisfacción do profesorado é óptimo (4.64 sobre 5) e o das persoas tituladas é suficiente (promedio de 3.27). Non obstante, é necesario facer constar que os/as egresados/as en avogacía Vigo outorgan unha puntuación media sensiblemente superior (3.67) á conferida polo mesmo sector no mestrado en avogacía-Pontevedra.

Por outra banda, resulta preocupante o baixo grao de satisfacción dos estudantes coa planificación e desenvolvemento do ensino. Neste ítem a puntuación do alumnado é francamente mellorable xa que mentres que en avogacía-Pontevedra obtén un aprobado moi xusto (3.18 sobre 5), en avogacía-Vigo non se acada o valor mínimo de 3

sobre cinco. Esta deficiencia xa foi posta de manifesto polo alumnado nunha das titorías realizadas no marco do PAT o que permitiu poñer en marcha o procedemento arriba descrito co fin de superar a devandita insuficiencia no transcurso do actual curso (2018/19).

En todo caso, contrasta coas valoracións pouco satisfactorias outorgadas polo estudantado, os excelentes resultados que de forma consecutiva, curso tras curso, o Mestrado obtén nos seguintes ítem:

(i) taxa de rendemento: 99% (meta de calidade ≥ 90%)
(ii) taxa de abandono: 15.2% (meta de calidade ≤ 20%)
(iii) taxa de eficiencia: 100% (meta de calidade ≥ 85%)
(iv) taxa de gradación: 100% (meta de calidade ≥65%)
(v) taxa de éxito: 100% (meta de calidade ≥ 80%)

**3.- Recursos humanos:**

Neste apartado compre facer referencia aos **resultados referentes ao profesorado do mestrado de acordo cos indicadores do SGIC e do panel de seguimento correspondentes ao curso 2016/17**.

A docencia no Mestrado en Avogacía Vigo e Pontevedra é impartida, cun reparto ao cincuenta por cento, entre profesorado universitario e avogadas/os seleccionados polos respectivos Ilustres Colexios de Avogados de Vigo e Pontevedra. Os resultados a valorar afectan exclusivamente ao profesorado universitario conformado por 1 titular de escola universitaria, 2 catedráticos de universidade (fronte a catro no 2015/16), 9 titulares de universidade e 8 contratados doutores. A cualificación do mesmo (71%) supera con creces a meta de calidade (≥ 50%). Cabe sinalar o aumento de participación deste profesorado en programas de formación (5 fronte a 1 no curso 2105/16), así mesmo experimenta un leve incremento o número total de sexenios correspondentes ao

mesmo (32 fronte a 31 no curso 2015/16) e, finalmente, cabe poñer de manifesto que tamén experimentou un sensible crecemento o número de profesores/as que participan en programas de mobilidade (6 fronte a 4 no curso 2015/16). En definitiva, non se pode valorar mais que de forma positiva, a evolución experimentada, no curso 2016/17, polo Mestrado en Avogacía nos ítem avaliados.

**4.- Inserción Laboral:**

Inserción laboral: datos non dispoñibles.

**<u>Análise dos resultados do Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social</u>**

No que atinxe ao Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social, vanse a analizar os resultados reflectidos polos indicadores do SGIC e que veñen contidos no Informe de Revisión pola Dirección 2016/2017, fundamentalmente os referidos aos resultados académicos, satisfacción dos interesados, recursos humanos e inserción laboral.

**1.- Resultados académicos:**

Polo que se refire aos resultados académicos alcanzados polo estudantado do Mestrado en Menores, os datos do Panel de Indicadores do SGIC do curso 2016/2017 reflicten unha tendencia sobresaínte pois en tódolos ítems superouse con creces a meta de calidade asociada. Estamos a falar aquí das taxas de rendemento, abandono, eficiencia, gradación, éxito. Para a correcta interpretación de todas estas taxas e indicadores cómpre ter en conta a súa definición e conformación prevista no "catálogo de indicadores" de centros e titulacións do Servicio de Calidade da Universidade de Vigo. Cómpre salientar que a **duración media dos estudos** cumpre integramente a meta de calidade asociada, que é de n+1, onde n é o número de anos da titulación. O resultado

alcanzado no curso 2016/2017 foi de 1,33 anos, baixando aínda máis o bo dato do curso 2015/2016 (1,43 anos).

Tamén son excepcionais os resultados acadados nas **taxas de rendemento**, 91%, superando a meta de calidade asociada ≥ 90%, aínda que baixou lixeiramente respecto da do curso 2015/2016 (93%). No que se refire á **taxa de eficiencia** superou sobradamente a meta de calidade asociada (≥85%), o que evidencia que temos unha moi boa relación porcentual entre o número total de créditos que superou un/unha estudante ao longo da titulación na que foi egresado/a e o número total de créditos nos que se matriculou ao haberse alcanzado unha taxa do 97%, superando o 96% do curso 2015/2016. A **taxa de gradación** tamén creceu, pasando dun 88% no curso 2015/2016 a un 91%, moi por riba do 65% da meta de calidade asociada. Por último, a **taxa de éxito**, a que mellores resultados presenta, ao alcanzarse no curso 2016/2017 un 99% , superando a o 80% da meta de calidade asociada, aínda que baixou de maneira pouco significativa (un 100% no curso 2015/2016).

Todos estes datos lévanos a concluir que os resultados académicos alcanzados polos estudantes do Mestrado en Menores durante o curso 2016/2017 son excelentes. Aínda que de todos os analizados é especialmente salientable a duración media dos estudos e a taxa de éxito, a superación en tódolos casos da meta de calidade asociada permiten salientar a avaliación positiva da titulación. Unha avaliación positiva que ven a corroborarse coa **taxa de abandono**, que aínda que aumentou no curso 2016/2017 ata un 12,50%, fronte a un 4,55% no curso 2015/2016, está moi por debaixo da meta de calidade asociada, que está nun 20%.

Por outra banda, é preciso resaltar tamén o nivel de **preferencia** do estudantado que elixe o Mestrado en Menores como primeira opción, que no curso 2016/2017 sube ata un 172 %, dende un 124% no curso 2015/2016, case o dobre do 90% que está marcado como meta de calidade asociada. Así mesmo é salientable o aumento do estudantado que finalmente matricúlase no Mestrado despois de facer a súa preinscripción, porque

de un 72% no curso 2015/2016, superouse o 90% no ítem da **adecuación**, chegándose a un 96% no curso 2016/2017.

Neste sentido, pode comprobarse que ano tras ano o Mestrado en Menores cubre na súa totalidade as prazas ofertadas, en número de 25, o que evidencia a implantación do Mestrado.

**2.- Satisfacción dos distintos colectivos interesados.**

De todo o panel de indicadores do SGIC, quizais os de satisfacción dos distintos colectivos implicados nos estudos do Mestrado en Menores son os que aportan os datos mais dispares, debendo sinalar, ademais que moitos deles nin sequera mostran metas de calidade asociada.

En termos xerais, o grado de satisfacción do **estudantado** é certamente baixo, un 2,38 no curso 2016/2017, aínda máis baixo que no curso 2015/2016 (2,7). En concreto, o grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado aumentou lixeiramente ata o 2,85. Contrasta este dato có ofrecido na táboa de Resultados das Enquisas de satisfacción coas titulacións Oficiais 2016-2017, na que se sinala que o estudantado valorou coa maior puntuación a calidade da docencia na titulación do Mestrado en Menores. Polo que respecta do seu grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino, cun 2,57 estase por debaixo do 3, marcado como meta de calidade asociada. Cabria sinalar que a planificación do Mestrado é a que permite desenvolver sucesivamente todas e cada unha das materias do plan de estudos á vez que determina a adquisición polo estudantado das diferentes competencias exixidas. Estímase que a baixada experimentada neste apartado é debida a mínimas incidencias no desenvolvemento do ensino (algún cambio puntual por circunstancias sobrevindas), e non á planificación do mesmo. De todas formas as cualificacións outorgadas polo estudantado son claramente insuficientes.

En cambio, en termos xerais o **profesorado** móstrase moi satisfeito ao alcanzar un 4,25/5 no curso 2016/2017 (non hai datos do curso anterior). Tamén é salientable o seu

grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino, pois no curso 2016/2017 alcanzouse un 3,97, por riba da meta de calidade, que está situada nun 3,5, aínda que mais baixo no curso anterior (4,09).

No que atinxe ao grao de satisfacción das **persoas tituladas**, en termos xerais é boa, un 3,08, aínda que baixara respecto do curso 2015/2016 (3,54). Ademais, en concreto, o seu grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino está ben (3,06), aínda que podería mellorarse. De todas formas, a valoración realizada polas persoas tituladas aloxase significativamente da puntuación media conferida polo estudantado.

En conclusión, mentres que o grao de satisfacción dos profesores co título é moi bo (4,25), ese grao descende ata un 3,08 nas persoas tituladas e aínda máis no colectivo dos estudantes (2,38). Consideramos que o Plan de Acción Titorial é a ferramenta máis útil para que o alumnado traslade as debilidades da configuración e xestión do Mestrado, con independencia de que a propia CAM adopte as necesarias medidas para solventar as deficiencias que poidan presentarse. Neste sentido é salientable que as accións desenvolvidas no Plan de acción titorial (PAT), as aulas e o seu equipamento son altamente valorados polo estudantado, pois nestes apartados lle deron a mais alta cualificación.

**3.- Recursos humanos.**

Aínda que o Centro non ten asignadas competencias sobre a contratación de profesorado, cómpre efectuar unha avaliación dos seus máis importantes indicadores incluídos no SGIC pois son moi relevantes para a avaliación de calidade dunha Titulación. E a estes efectos, un dos máis representativos é o profesorado por categoría. Aquí non existe meta asociada, polo que os existentes non deben cumprir, ou polo menos, tender ao cumprimento de ningunha meta.

E centrándonos nos números existentes para curso 2016/2017, é importante salientar que imparten docencia no Mestrado en Menores un importante número de doutores, entre os que hai 1 titular de Escola Universitaria, 3 catedráticos de Universidade, 5

titulares de Universidade e 11 contratados doutores, ademais de profesores asociados doutores.

Como datos obxectivos que acreditan a cualificación do profesorado, hai que destacar os de investigación de carácter académico (sexenios) que nada menos que ascende a 28 no curso 2016/2017, fronte a 26 no curso anterior. Para avaliar este último dato, hai que ter en conta que unicamente poden concorrer á convocatoria de sexenios profesores doutores con vinculación permanente na UVigo. Por último, no que atinxe á participación do profesorado en programas de formación o dato non parece demasiado alto, sendo en todo caso mellorable. Con todo, si se compara co curso 2015/2016 o incremento é considerable: de 2 participantes pásase a 3.

**Análise dos resultados do Mestrado en Xestión e Dirección Laborais**

En relación co **Mestrado Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral – especialidade en Dirección Laboral de Empresas** compre salientar que se trata de un Mestrado Interuniversitario que se imparte nas tres universidades públicas galegas, sendo a Universidade Coordinadora a Universidade de Santiago de Compostela, de modo tal ca normativa común aplicable, en último termo, responde os criterios específicos da USC.

Alén diso, polo que se refire os datos aportados polo panel de indicadores do sistema de calidade, este Mestrado ven sendo elixido por estudantes que rematan os seus Graos –fundamentalmente Relacións Laborais e Recursos Humanos e Dereito- con boa cualificación –igual ou superior a 6- e que elixen o Mestrado en primeiro lugar fundamentalmente (90%).

Neste senso, a matricula do Mestrado vense mantendo de xeito estable entorno a vinte novas matrículas –neste curso estamos en 23- a pesar de ter cuberto o límite de trinta

prazas nos primeiros anos. Isto demostra outro dato que se pon de manifesto respecto do bo grado de satisfacción do estudiantado co Mestrado (3,81) e tamén das institucións e empresas colaboradoras. Tamén é importante salientar que a metade dos docentes son profesores con dedicación exclusiva e estable na Universidade de Vigo (aportan un total de 12 sexenios que na actualidade tense incrementado en 4 mais) e o outro 50%, son profesionais de alto nivel no eido das relación laborais, tanto no ámbito público (Inspección de Traballo, INSS, TGSS, Mutuas), coma en empresas punteiras, tanto nacionais coma internacionais (Directores de Recursos Humanos e avogados ou empresas de prácticas coma CTAG, Citroen ou Seur)

Resulta importante destacar a importante porcentaxe de éxito na finalización do Mestrado (90%), a pesar de que a duración media para rematar os estudos esténdese máis de un curso académico (1,31%), fundamentalmente por mor da materia de Traballos de Fin de Mestrado (TFM) xa que moitos deles pasan a desfrutar de dereitos e obrigas propias da conciliación da vida persoal, familiar e laboral (o 80% dos estudantes son de sexo feminino o que supón una importante taxa de estudantes que se converten en nais), e tamén porque a taxa de inserción laboral do Mestrado é moi importante, sendo que a maioría consolidan as prácticas externas que realizan no Mestrado o ben, conseguen asentarse noutra das empresas ou entidades colaboradoras co Mestrado.

**1.- Resultados académicos:**

- **Grao de satisfacción manifestado polos diferentes colectivos que participan no Mestrado en Xestión e Dirección Laboral impartido no campus de Vigo (curso 2016/17)**. En relación cos resultados expostos no panel de indicadores do SGIC, aínda que non existe meta de calidade asociada o grao de satisfacción en xeral é positivo, sendo o grao de satisfacción mais baixo o manifestado polas persoas tituladas (3,13),

seguido do grao de satisfacción do estudantado (3,65) e sendo moi positivo o grado de satisfacción do profesorado (4,39/5).

**2.- Grao de satisfacción dos diferentes colectivos coa planificación e desenvolvemento do ensino.** Polo que se refire a este suposto concreto, a valoración realizada polos distintos sectores (estudantes, profesores, persoas tituladas) é similar á exposta no apartado precedente. Isto significa que o grao medio de satisfacción do profesorado é óptimo (4.35 sobre 5), o grao de satisfacción do estudantado é satisfactoria (3,81) e o das persoas tituladas é suficiente (promedio de 3.17).

Hai que destacar os excelentes resultados que de forma consecutiva, curso tras curso, o Mestrado obtén nos seguintes ítem:

(i) taxa de abandono: 5% (meta de calidade ≤ 20%)

(ii) taxa de eficiencia: 93% (meta de calidade ≥ 85%)

(iii) taxa de gradación: 83% (meta de calidade ≥65%)

(iv) taxa de éxito: 100% (meta de calidade ≥ 80%)

**3.- Recursos humanos:**

Neste apartado compre facer referencia aos **resultados referentes ao profesorado do mestrado de acordo cos indicadores do SGIC e do panel de seguimento correspondentes ao curso 2016/17**.

Os resultados a valorar da docencia no Mestrado en Xestión e Dirección Laboral afectan ao profesorado universitario conformado por 5 titulares de universidade, 1 catedrático de universidade (fronte a dous no 2015/16), 2 profesores axundantes doutores e 5 contratados doutores. Cabe sinalar o aumento de participación deste profesorado en programas de formación (4 fronte a 2 no curso 2105/16), así mesmo experimenta un incremento o número total de sexenios correspondentes ao mesmo (16 fronte a 12 no curso 2015/16). En definitiva, non se pode valorar mais que de forma positiva, a evolución experimentada, no curso 2016/17, polo Mestrado en Xestión e Dirección Laboral nos ítem avaliados.

**4.- Inserción Laboral:**

No que atinxe aos datos de inserción laboral dos egresados/as no Mestrado en Xestión e Dirección Laboral o propio panel de indicadores do SGIC **(I14),** que forma parte deste informe, remítese ao Portal de Transparencia da propia Universidade no que constan os datos de todas as titulacións

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/69

O problema é que os últimos datos que constan neste portal son dos titulados no curso académico 2010/2011 e non constan de cursos posteriores.

**<u>Análise dos resultados do Centro (Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo)</u>**

Tanto o Grao en Dereito como o Grao en Relacións Laborais reflicten un número moi alto de profesorado asociado (23 e 21 respectivamente). Esta categoría conta coa cifra maior, superando con fartura o número de profesores nas categorías funcionariais (5

catedráticos/as e 14 profesores/as titulares no Grao en Dereito, fronte a 2 e 2 no Grado en Relacións Laborais).

É oportuno lembrar que a derrogada Lei de Reforma Universitaria de 1983 establecía que o número de profesorado asociado non podía superar o 20% dos Catedráticos e Titulares en cada Universidade. Tamén hai que analizar esta cifra tendo en conta que os actuais títulos de grao son intensivos no uso de recursos humanos, entre outros motivos pola incorporación da avaliación continua. Ademais , a docencia de grao impártese na quenda de mañá, sendo o alumnado reticente á impartición de docencia na quenda de tarde.

## II.1.3 Resultados das Enquisas de satisfacción coas titulacións Oficiais

## 2016-2017

| | % Participación | | | Ítems/ epígrafes mellor valorados | | | Ítems/ epígrafes peor valorados | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Alumnado | Profesorado | Persoas tituladas | Alumnado | Profesorado | Persoas tituladas | Alumnado | Profesorado | Persoas tituladas |
| **Grao en Dereito** | Plan novo: 8,33%<br>Plan antigo: 5,41%<br>**Promedio: 6,87** | Plan antigo: 47,8%<br>Plan novo:37,7%<br>5,41%<br>**Promedio: 42,76%** | **26,00%** | Plan antigo: **3,5** Espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudio, aulas de informática..)<br>Plan novo:**4,00** A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, | Plan antigo: **4,67** Os espazos destinados ao traballo autónomo do estudantado (salas de estudos, aulas de informática...)<br>Plan novo:**4,37** Os espazos destinados ao traballo autónomo do estudantado (salas de estudos, | **4;13**:Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...) | Plan antigo: **2,5** (varios ítems relacionados con : información, orientación, PAT, difusión de actividades extraescolares, organización temporal das materias no plano de estudos, proporción clases teóricas e prácticas, coordinación de | Plan antigo: **3,57** Os horarios da titulación<br>Plan novo: **3,67** Os horarios da titulación e A coherencia dos criterios de asignación da docencia coa capacitación do persoal<br>**Promedio: 3,62** | **2;56**: A orientación profesional e laboral |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | calendario das probas de avaliación, actividades, cambios...) <u>Promedio: 4</u>,31 **Espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudio, aulas de informática..)** | aulas de informática...) **<u>Promedio: 4,52</u>** **Os espazos destinados ao traballo autónomo do estudantado (salas de estudos, aulas de informática...)** | | materias, aulas e laboratorios) <u>Plan novo:</u> **2,50** As aulas e o seu equipamento **<u>Promedio: 2</u>,12** **(2 ítems relacionados con: As accións desenvolvidas no Plan de acción titorial (PAT),Difusión de actividades extraescolares** | **Os horarios da titulación** | |
| **Grao en RRLL e RRHH** | **<u>13,73%</u>** | **<u>53,17%</u>** | **<u>38%</u>** | **4**: Espazos destinados ao traballo autónomo (salas | **4,44**: As plataformas de teledocencia e | **4;15**:Os servizos (secretaría de | **2,14**: A difusión das actividades extracurriculares entre o estudantado | **3,62:** Os horarios da titulación | **2;80**: A información e orientación académica |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | de estudio, aulas de informática..) | ferramentas multimedia) | alumnado, biblioteca...) | (información das actividades culturais, deportivas, sociais...) | | (para a continuación dos estudos, A orientación profesional e laboral |
| **Mestrado en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social** | **14,29%** | **<u>53,57%</u>** | **<u>26,00%</u>** | **5,00:** Catro ítems obteñen a maior puntuación ( As accións desenvolvidas no Plan de acción titorial (PAT),a calidade da docencia na titulación, as aulas e o seu equipamento | **4,35:** Os espazos destinados ao traballo autónomo do estudantado (salas de estudos, aulas de informática...) | **4,17:** Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...), estancia na Universidade de Vigo no transcurso da titulación | **1;00**:(varios ítems obteñen a mínima puntuación relacionados con : información, orientación, difusión de actividades extraescolares, proporción clases teóricas e prácticas, desenvolvemento | **3,73**:Os obxectivos de calidade | **2;33**: A información e orientación académica (para a continuación dos estudos, A orientación profesional e laboral |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | das ensinanzas, coordinación de materias, ) | | |
| Mestrado en Avogacía | Pontevedra:17,65% Vigo:14,71% **Promedio: 16,18%** | Pontevedra:17,07% Vigo:21,05% **Promedio: 18,99%** | **10,00%** | Pontevedra: **4,5** Espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudio, aulas de informática..) Vigo: **3,00** As accións desenvolvidas no Plan de acción titorial (PAT) **Promedio: 3,51** | Pontevedra: **4,88** ( Varios ítems, relacionado con: A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensina e a avaliación, os horarios da titulación, O calendario das probas de | **4,50:** Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...) | Pontevedra: **1,67** A proporción entre as clases teóricas e as prácticas na titulación Vigo: 1,**80** A organización temporal das materias do plan de estudos **Promedio: 1,83** **A proporción** | Pontevedra: **4,25** Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento. Vigo: 4,**25** A coherencia | **2;50**: A información e orientación académica (para a continuación dos estudos, A orientación profesional e laboral |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | **As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia** | avaliación, as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia)<br>Vigo: 4**,25**<br>As accións desenvolvidas no Plan de acción titorial (PAT)<br>**Promedio: 3,51**<br>**As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia** | | **entre as clases teóricas e as prácticas na titulación** | dos criterios de asignación da docencia coa capacitación do persoal, a dispoñibilidade dos fondos bibliográficos recomendados na titulación , as competencias adquiridas polo estudantado, Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | espazos experimentais e o seu equipamento. **Promedio: 4,25** **Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento.** | |
| **Mestrado en Xestión e Dirección Laboral** | **9,09%** | **33,33%** | **17,00%** | **5,00:** As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia | **4,78:** As canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns | **4,50:** Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca…) | 1,5: A difusión das actividades extracurriculares entre o estudantado (información das | **3,75**: As accións de orientación ao estudantado da titulación | **1;50**: A información e orientación académica (para a |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | actividades culturais, deportivas, sociais...) | | continuación dos estudos, A orientación profesional e laboral |

**Análise dos resultados das enquisas de satisfacción do Mestrado en Avogacía**

Pódese observar na táboa que se achega que o grado de participación nas enquisas de satisfacción do título por parte dos diferentes colectivos é francamente mellorable. Sen embargo, é necesario poñer de manifesto que ao igual que nos cursos académicos precedentes, dende a coordinación do mestrado se lles solicita, tanto ao alumnado como ao profesorado do título, a súa participación nas enquisas dende o mesmo momento en que aquelas están dispoñibles e se abre o prazo (francamente amplo) para realizalas. Así mesmo, posteriormente, cada quince días, aproximadamente, remítense sucesivos recordatorios nos que se insiste na importancia de realizar as devanditas enquisas.

Non obstante, polo que se refire a participación do profesorado é necesario subliñar que hai un amplo número de docentes no mestrado avogacía que non poden realizar as enquisas de avaliación docente por carecer de acceso a secretaría virtual da Universidade. Cabe recordar que o 50% do profesorado deste título debe ser profesorado externo (avogados en exercicio). Tendo en conta este dato, podemos afirmar que si ben neste sector o grao de participación, en termos absolutos, é mellorable posto que non acada o 100% o igual que ocorre no resto das titulacións do Centro, en termos relativos consideramos que é significativa. Cabe tamén salientar o alto grado de satisfacción co título de este colectivo.

Como xa sinalamos, é mellorable a participación do estudantado e das persoas tituladas nas enquisas de satisfacción. Co fin de acadar unha participación significativamente mais elevada por parte do estudantado encomendarase aos titores do PAT, aproveitando que este instrumento e as actuacións que se enmarcan no mesmo son as mellor valorados polos/as estudantes, que insistan en todas as reunións que celebren co alumnado, especialmente, nas realizadas no segundo cuadrimestre do curso, na importancia de

realizar as devanditas enquisas facéndolles ver a relevancia das súas opinións para a mellora da titulación e, en consecuencia, da preparación dos futuros estudantes do Mestrado. Como é sabido, o Plan de Acción Titorial (PAT) configúrase como un mecanismo que permite ofrecer aos estudantes apoio académico e profesional. Así mesmo, permite detectar problemas no desenvolvemento e planificación da ensinanza e facilita a coordinación docente.

Xunto coas accións desenvolvidas dentro do Plan de Acción Titorial, ben valoradas polo colectivo de estudantes, as prácticas externas son o ítem mellor valorado polos egresados/as. Esta é unha materia mais do mestrado en avogacía cuxa organización e xestión depende directamente do coordinador profesional do título que é un avogado/a en exercicio. Durante o desenvolvemento das Prácticas Externas Básicas (as do primeiro curso -150 h.) e Prácticas Externas (as do segundo curso – 600 h.) cada alumno ten un seguimento personalizado permanente, ao contar cun titor profesional (un avogado en exercicio con máis de 5 anos de experiencia profesional) e un titor académico (un profesor universitario con docencia no Mestrado). Ademais, nas institucións colaboradoras distintas dos despachos de avogados tamén haberá un titor que recibirá, atenderá e asesorará a cada alumno. Polo que se refire ao profesorado responsable das prácticas externas do mestrado en avogacía, cada alumno conta cun titor académico e un titor profesional.

Pola contra, o ítem peor valorado polas persoas tituladas é a "información e orientación académica para a continuación dos estudos". Hai que ter en conta que o mestrado cumpre o obxectivo de constituír unha fase esencial que permita adquirir as competencias e habilidades na práctica e nos contidos para afrontar a praxe profesional cunha bagaxe de experiencia, satisfacer un requisito obrigatorio en breve para o exercicio da profesión regulada de avogado, e como preparación para afrontar o exame oficial que habilita para o exercicio da profesión. Así pois, debido ao carácter

profesionalizante do mestrado en avogacía case o cen por cento dos posgraduados optan, unha vez superada a proba de acceso, polo exercicio da profesión sendo una porcentaxe moi pequena a que opta pola continuación dos estudios de doutoramento ou a preparación de oposicións. En todo caso, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo todos os cursos académicos se organizan unhas xornadas de orientación ao estudantado ás que pode asistir todo o alumando interesado. Dende a coordinación do mestrado comprometémonos a informar das datas de celebración das devanditas xornadas ao alumnado do título co fin de superar esta deficiencia.

En canto ao ítem peor valorado polo colectivo de estudantes foi a "organización temporal das materias do plan de estudios" así como a "proporción entre as clases teóricas e as prácticas na titulación". A planificación das ensinanzas coas actividades formativas previstas en cada materia, a dedicación establecida para cada unha delas e o sistema de avaliación proposto, estimamos que foi e está a ser o adecuado para que o alumnado poida adquirir as competencias do título. Non obstante, é un Título cuxa configuración debe adaptarse aos posibles cambios que experimente a normativa estatal que o regula e lle serve de base. De modo que si os devanditos cambios normativos afectasen a esta planificación abriríase o proceso pertinente para proceder á adaptación do Título a ditas modificacións. No momento en que se proceda a facer unha revisión da memoria da titulación se estudiará a posible revisión da organización temporal das materias.

**Análise dos resultados das enquisas de satisfacción do Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social** .

Entre o profesorado foron os espazos destinados ao traballo autónomo do estudantado (salas de estudos, aulas de informática...) os mellor valorados.

No que respecta aos ítem peor valorados polo estudantado (información, orientación, difusión de actividades extraescolares, proporción clases teóricas e prácticas, coordinación de materias), que obtiveron a mínima puntuación, cabria facer as seguintes precisións: esta coordinación descoñece a qué información e orientación se refire o estudantado, pois todas as dúbidas que puideron ter os/as alumnos/as lle foron resoltas ben directamente polo profesorado o pola propia coordinación do Mestrado ben remitindo ao concreto/a alumno/a á persoa que puidera resolverlle a dúbida. En canto á difusión das actividades extraescolares, organizouse unha saída a un centro de menores que publicitouse en repetidas ocasións enviando ao estudantado correos animándolle a asistir.

**<u>Análise dos resultados das enquisas de satisfacción do Mestrado en Xestión e Dirección laboral</u>**

Pódese observar na táboa que se achega que o grado de participación nas enquisas de satisfacción do título por parte dos diferentes colectivos é francamente mellorable, sinalando que a participación do profesorado é a mais elevada (33,33%). Sen embargo, é necesario poñer de manifesto que ao igual que nos cursos académicos precedentes, dende a coordinación do mestrado se lles solicita, tanto ao alumnado como ao profesorado do título, a súa participación nas enquisas dende o mesmo momento en que aquelas están dispoñibles e se abre o prazo (francamente amplo) para realizalas.

As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia é o ítem mellor valorado (5/5), seguido dos canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns (4,78/5), e os servizos (4,50/5).

Pola contra, o ítem peor valorado polas persoas tituladas é a "información e orientación académica para a continuación dos estudos". Hai que ter en conta que o mestrado

cumpre o obxectivo de constituír unha fase esencial que permita adquirir as competencias e habilidades na práctica e nos contidos para afrontar a praxe profesional cunha bagaxe de experiencia. De todos os xeitos, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo todos os cursos académicos se organizan unhas xornadas de orientación ao estudantado ás que pode asistir todo o alumando interesado. Dende a coordinación do mestrado comprometémonos a informar das datas de celebración das devanditas xornadas ao alumnado do título co fin de superar esta deficiencia.

Tamén ten unha puntuación baixa a "a difusión das actividades extracurriculares entre o estudantado" (1,5/5) así como a "as accións de orientación ao estudantado da titulación" (3,75/5). O labor informativo estimamos que foi e está a ser o adecuado. Non obstante, orientarase aos alumnos nas posibles saídas profesionais que teñen e insistirase en que participen nas xornadas sobre saídas profesionais dirixidas ao estudantado que organiza a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Por exemplo, durante este ano o 5 de xuño de 2017, levouse a cabo unha unha xornada sobre mencións e optatividade nos graos en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos , onde o Vicedecano de asuntos de calidade explicou as posibilidades e vantaxes que ten estudar o Mestrado en Xestión e Dirección Laboral. Concretamente en preparar profesionais de alto nivel para a xestión dos recursos humanos da empresa, a mediación e auditoría sociolaboral, e todo o relacionado coa seguridade social. Neste senso, ademáis se pode atopar a información relativa as competencias xerais e as competencias específicas na páxina web do Mestrado: http://masterlaboral.es/?page_id=183

Polo tanto se incidirá neste senso.

## II.1.4 Indicadores por materia

| Centro | | Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo | | |
|---|---|---|---|---|
| Panel de indicadores por materia | | Materia | Resultado Curso 2016/2017 | Resultado Curso 2015/2016 |
| IM01 | Taxa de éxito | Grao en Dereito | 91% | 83% |
| IM02 | Taxa de avaliación | Grao en Dereito | 85% | 84% |
| IM03 | Taxa de rendemento | Grao en Dereito | 78% | 70% |
| IM01 | Taxa de éxito | Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos | 81% | 80% |
| IM02 | Taxa de avaliación | Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos | 80% | 84% |
| IM03 | Taxa de rendemento | Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos | 66% | 66% |
| IM01 | Taxa de éxito | Mestrado Universitario en Avogacía | 100% | 100% |
| IM02 | Taxa de avaliación | Mestrado Universitario en Avogacía | 99% | 99% |
| IM03 | Taxa de rendemento | Mestrado Universitario en Avogacía | 99% | 99% |
| IM01 | Taxa de éxito | Mestrado Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social | 100% | 100% |
| IM02 | Taxa de avaliación | Mestrado Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social | 97% | 93% |
| IM03 | Taxa de rendemento | Mestrado Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social | 96% | 93% |
| IM01 | Taxa de éxito | Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral | 100% | 99% |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| IM02 | Taxa de avaliación | Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral | 86% | 87% |
| IM03 | Taxa de rendemento | Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral | 85% | 86% |

**Gráficas dispoñibles en Anexos, táboa I.3*

| Titulación | Materia | | Curso Académico | Nº Créditos Matriculados | Nº Créditos Presentados | Nº Créditos Superados | Éxito | Rendemento | Avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Graduado en Derecho** | G080205 | Informática: Novas tecnoloxías aplicadas ao dereito | 2016/2017 | 12,0 | 12,0 | 12,0 | 100% | 100% | 100% |
| | G080202 | Empresa: Fundamentos de contabilidade e finanzas | 2016/2017 | 216,0 | 162,0 | 72,0 | 44% | 33% | 75% |
| | G080203 | Historia: Historia do dereito | 2016/2017 | 6,0 | 6,0 | 6,0 | 100% | 100% | 100% |
| | G080201 | Dereito: Dereito constitucional II | 2016/2017 | 6,0 | 6,0 | 6,0 | 100% | 100% | 100% |
| | G080302 | Dereito civil I. Obrigas e contratos | 2016/2017 | 48,0 | 36,0 | 30,0 | 83% | 63% | 75% |
| | G080401 | Dereito civil II. Dereitos reais | 2016/2017 | 24,0 | 12,0 | 12,0 | 100% | 50% | 50% |
| | G080502 | Dereito civil III. Familia e sucesións | 2016/2017 | 42,0 | 18,0 | 18,0 | 100% | 43% | 43% |
| | G080301 | Dereito administrativo I | 2016/2017 | 6,0 | 6,0 | 6,0 | 100% | 100% | 100% |
| | G080501 | Dereito administrativo II | 2016/2017 | 126,0 | 81,0 | 81,0 | 100% | 64% | 64% |
| | G080304 | Dereito penal I | 2016/2017 | 252,0 | 198,0 | 126,0 | 64% | 50% | 79% |
| | G080404 | Dereito penal II | 2016/2017 | 168,0 | 96,0 | 54,0 | 56% | 32% | 57% |
| | G080303 | Dereito internacional público | 2016/2017 | 135,0 | 90,0 | 81,0 | 90% | 60% | 67% |
| | G080403 | Dereito mercantil I | 2016/2017 | 126,0 | 108,0 | 63,0 | 58% | 50% | 86% |
| | G080503 | Dereito mercantil II | 2016/2017 | 102,0 | 72,0 | 48,0 | 67% | 47% | 71% |
| | G080402 | Dereito financeiro e tributario I | 2016/2017 | 387,0 | 216,0 | 144,0 | 67% | 37% | 56% |
| | G080602 | Dereito financeiro e tributario II | 2016/2017 | 264,0 | 144,0 | 96,0 | 67% | 36% | 55% |
| | G080504 | Sistema xudicial español e proceso civil | 2016/2017 | 702,0 | 459,0 | 279,0 | 61% | 40% | 65% |
| | G080604 | Dereito procesual penal | 2016/2017 | 156,0 | 90,0 | 84,0 | 93% | 54% | 58% |
| | G080601 | Dereito do traballo e da seguridade social | 2016/2017 | 270,0 | 171,0 | 171,0 | 100% | 63% | 63% |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| G080603 | Dereito internacional privado | 2016/2017 | 63,0 | 27,0 | 27,0 | 100% | 43% | 43% |
| G080991 | Traballo de Fin de Grao | 2016/2017 | 822,0 | 414,0 | 408,0 | 99% | 50% | 50% |
| G080722 | Fundamentos de administración de empresas | 2016/2017 | 132,0 | 120,0 | 120,0 | 100% | 91% | 91% |
| G080721 | Economía española e da Unión Europea | 2016/2017 | 90,0 | 84,0 | 84,0 | 100% | 93% | 93% |
| G080981 | Prácticas externas | 2016/2017 | 162,0 | 162,0 | 162,0 | 100% | 100% | 100% |
| G080928 | Dereito marítimo | 2016/2017 | 102,0 | 84,0 | 84,0 | 100% | 82% | 82% |
| G080924 | Propiedade industrial e competencia | 2016/2017 | 162,0 | 156,0 | 138,0 | 88% | 85% | 96% |
| G080921 | Dereito concursal | 2016/2017 | 174,0 | 168,0 | 162,0 | 96% | 93% | 97% |
| G080927 | Dereito do comercio internacional | 2016/2017 | 96,0 | 96,0 | 96,0 | 100% | 100% | 100% |
| G080931 | Tutela procesual do crédito | 2016/2017 | 42,0 | 42,0 | 42,0 | 100% | 100% | 100% |
| G080922 | Dereito da seguridade social | 2016/2017 | 60,0 | 54,0 | 54,0 | 100% | 90% | 90% |
| G080923 | Dereito penal de empresa | 2016/2017 | 54,0 | 36,0 | 36,0 | 100% | 67% | 67% |
| G080926 | Dereito administrativo económico | 2016/2017 | 66,0 | 42,0 | 42,0 | 100% | 64% | 64% |
| G080925 | Constitución económica | 2016/2017 | 120,0 | 108,0 | 108,0 | 100% | 90% | 90% |
| G080702 | Procesos especiais e métodos alternativos de solución de conflitos | 2016/2017 | 90,0 | 72,0 | 72,0 | 100% | 80% | 80% |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| G080103 | Economía: Principios de economía | 2016/2017 | 36,0 | 24,0 | 24,0 | 100% | 67% | 67% |
| G080102 | Dereito: Dereito romano | 2016/2017 | 24,0 | 18,0 | 18,0 | 100% | 75% | 75% |
| G080101 | Dereito: Dereito constitucional I | 2016/2017 | 54,0 | 45,0 | 45,0 | 100% | 83% | 83% |
| G080723 | Fundamentos económicos de defensa da competencia | 2016/2017 | 168,0 | 138,0 | 120,0 | 87% | 71% | 82% |
| G080930 | Réxime fiscal da empresa | 2016/2017 | 42,0 | 36,0 | 36,0 | 100% | 86% | 86% |
| G081101 | Informática: Novas tecnoloxías aplicadas ao dereito | 2016/2017 | 1.056,0 | 936,0 | 846,0 | 90% | 80% | 89% |
| G081102 | Dereito: Teoría do dereito | 2016/2017 | 1.728,0 | 1.539,0 | 1.422,0 | 92% | 82% | 89% |
| G081103 | Dereito: Dereito constitucional I | 2016/2017 | 1.980,0 | 1.620,0 | 1.242,0 | 77% | 63% | 82% |
| G081104 | Dereito: Dereito romano | 2016/2017 | 1.260,0 | 1.080,0 | 936,0 | 87% | 74% | 86% |
| G081201 | Economía: Principios de economía | 2016/2017 | 1.146,0 | 1.014,0 | 906,0 | 89% | 79% | 88% |
| G081202 | Empresa: Fundamentos de contabilidade e finanzas | 2016/2017 | 1.452,0 | 1.128,0 | 828,0 | 73% | 57% | 78% |
| G081203 | Dereito: Introdución ao dereito civil e dereito da persoa | 2016/2017 | 1.260,0 | 1.062,0 | 852,0 | 80% | 68% | 84% |
| G081204 | Dereito: Dereito constitucional II | 2016/2017 | 1.302,0 | 1.026,0 | 816,0 | 80% | 63% | 79% |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| G081205 | Historia: Historia do dereito | 2016/2017 | 1.170,0 | 1.014,0 | 900,0 | 89% | 77% | 87% |
| G081301 | Dereito civil I. Obrigas e contratos | 2016/2017 | 1.266,0 | 1.110,0 | 768,0 | 69% | 61% | 88% |
| G081302 | Dereito penal I | 2016/2017 | 2.034,0 | 1.845,0 | 1.125,0 | 61% | 55% | 91% |
| G081303 | Dereito internacional público | 2016/2017 | 1.899,0 | 1.431,0 | 1.098,0 | 77% | 58% | 75% |
| G081304 | Dereito da Unión Europea | 2016/2017 | 1.332,0 | 1.062,0 | 756,0 | 71% | 57% | 80% |
| G081401 | Dereito administrativo I | 2016/2017 | 1.890,0 | 1.665,0 | 1.485,0 | 89% | 79% | 88% |
| G081402 | Dereito penal II | 2016/2017 | 1.350,0 | 1.194,0 | 900,0 | 75% | 67% | 88% |
| G081403 | Sistema xudicial español e proceso civil | 2016/2017 | 1.944,0 | 1.125,0 | 819,0 | 73% | 42% | 58% |
| G081404 | Dereito civil II. Dereitos reais | 2016/2017 | 1.224,0 | 1.014,0 | 810,0 | 80% | 66% | 83% |
| G081501 | Dereito civil III. Familia e sucesións | 2016/2017 | 870,0 | 792,0 | 750,0 | 95% | 86% | 91% |
| G081502 | Dereito mercantil I | 2016/2017 | 1.521,0 | 1.431,0 | 1.035,0 | 72% | 68% | 94% |
| G081503 | Dereito administrativo II | 2016/2017 | 906,0 | 834,0 | 798,0 | 96% | 88% | 92% |
| G081504 | Dereito do traballo e da seguridade social | 2016/2017 | 1.359,0 | 1.134,0 | 801,0 | 71% | 59% | 83% |
| G081601 | Dereito procesual penal | 2016/2017 | 942,0 | 840,0 | 654,0 | 78% | 69% | 89% |
| G081602 | Dereito internacional privado | 2016/2017 | 1.332,0 | 1.053,0 | 972,0 | 92% | 73% | 79% |
| G081603 | Dereito financeiro e tributario I | 2016/2017 | 1.521,0 | 1.089,0 | 918,0 | 84% | 60% | 72% |
| G081701 | Dereito financeiro e tributario II | 2016/2017 | 732,0 | 624,0 | 540,0 | 87% | 74% | 85% |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| G081702 | Dereito mercantil II | 2016/2017 | 834,0 | 738,0 | 672,0 | 91% | 81% | 88% |
| G081991 | Traballo de Fin de Grao | 2016/2017 | 552,0 | 330,0 | 330,0 | 100% | 60% | 60% |
| G081981 | Prácticas externas | 2016/2017 | 456,0 | 456,0 | 456,0 | 100% | 100% | 100% |
| G081605 | Fundamentos de administración de empresas | 2016/2017 | 504,0 | 480,0 | 438,0 | 91% | 87% | 95% |
| G081606 | Macroeconomía | 2016/2017 | 414,0 | 372,0 | 348,0 | 94% | 84% | 90% |
| G081931 | Dereito concursal | 2016/2017 | 210,0 | 198,0 | 198,0 | 100% | 94% | 94% |
| G081932 | Propiedade industrial e competencia | 2016/2017 | 222,0 | 216,0 | 210,0 | 97% | 95% | 97% |
| G081934 | Responsabilidade civil da actividade empresarial e profesional | 2016/2017 | 204,0 | 204,0 | 204,0 | 100% | 100% | 100% |
| G081935 | Dereito marítimo | 2016/2017 | 210,0 | 204,0 | 204,0 | 100% | 97% | 97% |
| G081936 | Dereito do comercio internacional | 2016/2017 | 246,0 | 240,0 | 240,0 | 100% | 98% | 98% |
| G081937 | Tutela procesual do crédito | 2016/2017 | 180,0 | 174,0 | 174,0 | 100% | 97% | 97% |
| G081933 | Métodos alternativos de resolución de conflitos no ámbito empresarial | 2016/2017 | 114,0 | 108,0 | 108,0 | 100% | 95% | 95% |
| G081941 | Dereito penal de empresa | 2016/2017 | 120,0 | 108,0 | 108,0 | 100% | 90% | 90% |
| G081942 | Dereito da seguridade social | 2016/2017 | 156,0 | 132,0 | 126,0 | 95% | 81% | 85% |
| G081944 | Réxime fiscal da empresa | 2016/2017 | 174,0 | 174,0 | 174,0 | 100% | 100% | 100% |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | G081945 | Dereito administrativo económico | 2016/2017 | 102,0 | 102,0 | 102,0 | 100% | 100% | 100% |
| | G081946 | Constitución económica | 2016/2017 | 174,0 | 162,0 | 162,0 | 100% | 93% | 93% |
| | G081943 | Responsabilidade penal e administrativa no ámbito financeiro-tributario | 2016/2017 | 78,0 | 78,0 | 78,0 | 100% | 100% | 100% |
| | G081947 | Réxime xurídico da responsabilidade patrimonial da administración (contractual e extracontractual) | 2016/2017 | 78,0 | 78,0 | 78,0 | 100% | 100% | 100% |
| **Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos** | G210105 | Economía: Principios de economía | 2016/2017 | 42,0 | 24,0 | 12,0 | 50% | 29% | 57% |
| | G210101 | Estatística: Estatística | 2016/2017 | 216,0 | 156,0 | 66,0 | 42% | 31% | 72% |
| | G210104 | Dereito: Introdución ao dereito | 2016/2017 | 24,0 | 18,0 | 18,0 | 100% | 75% | 75% |
| | G210103 | Socioloxía: Introdución á socioloxía | 2016/2017 | 66,0 | 48,0 | 36,0 | 75% | 55% | 73% |
| | G210102 | Historia: Historia das relacións laborais no mundo contemporáneo | 2016/2017 | 12,0 | 12,0 | 12,0 | 100% | 100% | 100% |
| | G210203 | Empresa: Organización da empresa | 2016/2017 | 108,0 | 72,0 | 36,0 | 50% | 33% | 67% |
| | G210305 | Socioloxía do traballo | 2016/2017 | 264,0 | 246,0 | 234,0 | 95% | 89% | 93% |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| G210303 | Dirección e xestión de recursos humanos I: dimensión psicosocial | 2016/2017 | 42,0 | 30,0 | 24,0 | 80% | 57% | 71% |
| G210302 | Dereito do traballo I | 2016/2017 | 138,0 | 90,0 | 60,0 | 67% | 43% | 65% |
| G210304 | Dirección estratéxica | 2016/2017 | 210,0 | 162,0 | 120,0 | 74% | 57% | 77% |
| G210301 | Contabilidade | 2016/2017 | 270,0 | 168,0 | 66,0 | 39% | 24% | 62% |
| G210404 | Técnicas de investigación social | 2016/2017 | 666,0 | 396,0 | 288,0 | 73% | 43% | 59% |
| G210403 | Dereito do traballo II | 2016/2017 | 138,0 | 78,0 | 30,0 | 38% | 22% | 57% |
| G210402 | Dereito da seguridade social I | 2016/2017 | 198,0 | 96,0 | 66,0 | 69% | 33% | 48% |
| G210401 | Dereito administrativo | 2016/2017 | 81,0 | 81,0 | 63,0 | 78% | 78% | 100% |
| G210503 | Dirección e xestión de recursos humanos II: Dimensión empresarial | 2016/2017 | 474,0 | 438,0 | 438,0 | 100% | 92% | 92% |
| G210501 | Dereito da seguridade social II | 2016/2017 | 642,0 | 504,0 | 468,0 | 93% | 73% | 79% |
| G210502 | Dereito sindical I | 2016/2017 | 516,0 | 366,0 | 264,0 | 72% | 51% | 71% |
| G210505 | Xestión dos métodos de traballo | 2016/2017 | 438,0 | 414,0 | 372,0 | 90% | 85% | 95% |
| G210504 | Teoría das relacións laborais | 2016/2017 | 702,0 | 618,0 | 606,0 | 98% | 86% | 88% |
| G210602 | Economía laboral | 2016/2017 | 372,0 | 294,0 | 216,0 | 73% | 58% | 79% |
| G210601 | Dereito sindical II | 2016/2017 | 552,0 | 378,0 | 252,0 | 67% | 46% | 68% |
| G210703 | Dereito procesual laboral | 2016/2017 | 810,0 | 576,0 | 558,0 | 97% | 69% | 71% |
| G210702 | Dereito financeiro e tributario | 2016/2017 | 801,0 | 567,0 | 459,0 | 81% | 57% | 71% |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| G210704 | Emprego público | 2016/2017 | 504,0 | 384,0 | 264,0 | 69% | 52% | 76% |
| G210701 | Dereito do emprego | 2016/2017 | 450,0 | 396,0 | 396,0 | 100% | 88% | 88% |
| G210801 | Prevención de riscos laborais | 2016/2017 | 522,0 | 474,0 | 468,0 | 99% | 90% | 91% |
| G210991 | Traballo de Fin de Grao | 2016/2017 | 702,0 | 270,0 | 270,0 | 100% | 38% | 38% |
| G210907 | Introdución á análise contable | 2016/2017 | 66,0 | 54,0 | 54,0 | 100% | 82% | 82% |
| G210905 | Deseño de plans estratéxicos de igualdade de oportunidades | 2016/2017 | 144,0 | 138,0 | 138,0 | 100% | 96% | 96% |
| G210901 | Auditoría sociolaboral | 2016/2017 | 243,0 | 234,0 | 225,0 | 96% | 93% | 96% |
| G210909 | Selección e avaliación do persoal | 2016/2017 | 333,0 | 315,0 | 279,0 | 89% | 84% | 95% |
| G210910 | Traballo autónomo | 2016/2017 | 210,0 | 174,0 | 168,0 | 97% | 80% | 83% |
| G210906 | Igualdade e mercado de traballo | 2016/2017 | 252,0 | 228,0 | 216,0 | 95% | 86% | 90% |
| G210903 | Dereito social comunitario | 2016/2017 | 156,0 | 120,0 | 90,0 | 75% | 58% | 77% |
| G210902 | Dereito de sociedades e cooperativas | 2016/2017 | 204,0 | 168,0 | 138,0 | 82% | 68% | 82% |
| G210904 | Dereitos sociolaborais dos estranxeiros en España | 2016/2017 | 228,0 | 216,0 | 216,0 | 100% | 95% | 95% |
| G210981 | Prácticas externas: Prácticas en empresas | 2016/2017 | 210,0 | 210,0 | 210,0 | 100% | 100% | 100% |
| G210908 | Políticas sociolaborais | 2016/2017 | 174,0 | 156,0 | 156,0 | 100% | 90% | 90% |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| G210202 | Empresa: Fundamentos básicos de contabilidade da empresa | 2016/2017 | 102,0 | 54,0 | 42,0 | 78% | 41% | 53% |
| G211101 | Dereito: Teoría do dereito | 2016/2017 | 600,0 | 522,0 | 384,0 | 74% | 64% | 87% |
| G211102 | Estatística: Estatística | 2016/2017 | 666,0 | 516,0 | 318,0 | 62% | 48% | 77% |
| G211103 | Socioloxía: Introdución á socioloxía das relacións laborais | 2016/2017 | 654,0 | 540,0 | 462,0 | 86% | 71% | 83% |
| G211104 | Economía: Principios de economía | 2016/2017 | 612,0 | 522,0 | 402,0 | 77% | 66% | 85% |
| G211105 | Historia: Historia das relacións laborais no mundo contemporáneo | 2016/2017 | 600,0 | 504,0 | 462,0 | 92% | 77% | 84% |
| G211201 | Dereito: Dereito constitucional | 2016/2017 | 630,0 | 468,0 | 390,0 | 83% | 62% | 74% |
| G211202 | Empresa: Organización da empresa | 2016/2017 | 618,0 | 510,0 | 462,0 | 91% | 75% | 83% |
| G211203 | Psicoloxía: Psicoloxía | 2016/2017 | 582,0 | 468,0 | 444,0 | 95% | 76% | 80% |
| G211204 | Economía: Economía española | 2016/2017 | 588,0 | 492,0 | 468,0 | 95% | 80% | 84% |
| G211205 | Empresa: Fundamentos básicos de contabilidade da empresa | 2016/2017 | 684,0 | 480,0 | 336,0 | 70% | 49% | 70% |
| G211301 | Contabilidade | 2016/2017 | 372,0 | 264,0 | 162,0 | 61% | 44% | 71% |
| G211302 | Dereito do traballo I | 2016/2017 | 444,0 | 408,0 | 330,0 | 81% | 74% | 92% |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | G211303 | Dereito mercantil | 2016/2017 | 420,0 | 402,0 | 282,0 | 70% | 67% | 96% |
| | G211304 | Psicoloxía do traballo | 2016/2017 | 444,0 | 432,0 | 426,0 | 99% | 96% | 97% |
| | G211305 | Socioloxía do traballo | 2016/2017 | 426,0 | 420,0 | 402,0 | 96% | 94% | 99% |
| | G211401 | Dereito administrativo | 2016/2017 | 432,0 | 390,0 | 318,0 | 82% | 74% | 90% |
| | G211402 | Dereito da seguridade social I | 2016/2017 | 426,0 | 360,0 | 264,0 | 73% | 62% | 85% |
| | G211403 | Dereito do traballo II | 2016/2017 | 432,0 | 390,0 | 264,0 | 68% | 61% | 90% |
| | G211404 | Técnicas de investigación social | 2016/2017 | 426,0 | 324,0 | 222,0 | 69% | 52% | 76% |
| | G211405 | Recursos humanos I | 2016/2017 | 438,0 | 396,0 | 318,0 | 80% | 73% | 90% |
| **Mestrado Universitario en Avogacía** | M110101 | Deontoloxía, Organización Profesional e Quenda de Oficio | 2016/2017 | 385,0 | 385,0 | 385,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M110102 | Práctica Extraxudicial | 2016/2017 | 222,0 | 222,0 | 222,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M110103 | Práctica Civil I | 2016/2017 | 456,0 | 456,0 | 456,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M110201 | Práctica Civil II | 2016/2017 | 532,0 | 532,0 | 532,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M110104 | Práctica Mercantil | 2016/2017 | 228,0 | 225,0 | 225,0 | 100% | 99% | 99% |
| | M110105 | Práctica Penal I | 2016/2017 | 462,0 | 462,0 | 456,0 | 99% | 99% | 100% |
| | M110202 | Práctica Penal II | 2016/2017 | 462,0 | 462,0 | 456,0 | 99% | 99% | 100% |
| | M110106 | Práctica Administrativa | 2016/2017 | 532,0 | 532,0 | 532,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M110203 | Práctica Tributaria | 2016/2017 | 228,0 | 225,0 | 225,0 | 100% | 99% | 99% |
| | M110204 | Práctica Laboral e de Seguridade Social | 2016/2017 | 616,0 | 616,0 | 616,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M110205 | Prácticas Externas Básicas | 2016/2017 | 462,0 | 456,0 | 456,0 | 100% | 99% | 99% |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | M110301 | Prácticas Externas | 2016/2017 | 2.184,0 | 2.184,0 | 2.184,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M110302 | Traballo de Fin de Mestrado | 2016/2017 | 570,0 | 528,0 | 522,0 | 99% | 92% | 93% |
| **Mestrado Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social** | M042101 | Marco Normativo da Protección do Menor | 2016/2017 | 125,0 | 125,0 | 125,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M042102 | Medidas de Protección do Menor en Situación de Risco e Desamparo | 2016/2017 | 175,0 | 175,0 | 175,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M042103 | Adopción Nacional e Internacional de Menores | 2016/2017 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M042104 | Procedementos Civís e Protección de Menores. Xurisdición Voluntaria e Contenciosa | 2016/2017 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M042105 | O Menor como Vítima de Feitos Delitivos | 2016/2017 | 125,0 | 125,0 | 125,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M042106 | O Menor como Infractor | 2016/2017 | 125,0 | 125,0 | 125,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M042201 | Proceso Penal de Menores | 2016/2017 | 125,0 | 125,0 | 125,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M042202 | A Intervención Socio-Educativa con Menores en Situación de Risco, Desprotección e Conflito Social | 2016/2017 | 175,0 | 175,0 | 175,0 | 100% | 100% | 100% |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | M042203 | A Mediación como Medio de Solución de Conflitos con Menores | 2016/2017 | 150,0 | 150,0 | 150,0 | 100% | 100% | 100% |
| | M042204 | Traballo de Fin de Mestrado | 2016/2017 | 396,0 | 264,0 | 252,0 | 95% | 64% | 67% |
| **Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral** | M104101 | Seguridade Social Complementaria | 2016/2017 | 51,0 | 45,0 | 45,0 | 100% | 88% | 88% |
| | M104102 | Dereito do Traballo e Crise da Empresa | 2016/2017 | 48,0 | 42,0 | 42,0 | 100% | 88% | 88% |
| | M104103 | Xestión da Prevención de Riscos Laborais | 2016/2017 | 51,0 | 45,0 | 45,0 | 100% | 88% | 88% |
| | M104104 | Aspectos Macroeconómicos e Territoriais do Mercado de Traballo | 2016/2017 | 54,0 | 48,0 | 48,0 | 100% | 89% | 89% |
| | M104105 | Xestión Tributaria | 2016/2017 | 114,0 | 102,0 | 102,0 | 100% | 89% | 89% |
| | M104106 | Análise Contable | 2016/2017 | 57,0 | 51,0 | 48,0 | 94% | 84% | 89% |
| | M104107 | Aspectos Xurídicos-Laborais en Materia de Igualdade | 2016/2017 | 51,0 | 45,0 | 45,0 | 100% | 88% | 88% |
| | M104214 | Relacións Transfronterizas no Marco da Unión Europea. Introdución ao Dereito Social Portugués | 2016/2017 | 90,0 | 84,0 | 84,0 | 100% | 93% | 93% |
| | M104215 | Organización da Prevención na Empresa | 2016/2017 | 90,0 | 84,0 | 84,0 | 100% | 93% | 93% |
| | M104216 | Técnicas de Negociación Colectiva | 2016/2017 | 51,0 | 45,0 | 45,0 | 100% | 88% | 88% |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M104217 | Medidas de Solución de Conflitos | 2016/2017 | 51,0 | 45,0 | 45,0 | 100% | 88% | 88% |
| M104218 | Administración Laboral e Dereito Sancionador do Traballo | 2016/2017 | 96,0 | 90,0 | 90,0 | 100% | 94% | 94% |
| M104219 | Prácticas Externas | 2016/2017 | 96,0 | 84,0 | 84,0 | 100% | 88% | 88% |
| M104220 | Traballo de Fin de Mestrado | 2016/2017 | 174,0 | 60,0 | 60,0 | 100% | 34% | 34% |

***Gráficas dispoñibles en Anexos, táboas do I.4 ao I.8**

**Análise dos resultados das taxas de materia do Mestrado en Avogacía**

A taxa de éxito no Mestrado en avogacía alcanza o 100% en practicamente todas as materias sendo lixeiramente mais baixa (93%) na materia Traballo Fin de Mestrado (TFM). O alumnado cursa esta materia no mesmo espazo temporal no que realiza as prácticas externas, o que sen dúbida contribúe a dotar ao TFM dunha perspectiva profesional. Para a súa realización contan co apoio académico de titores. Non é un traballo meramente descritivo, senón que tanto os titores como o tribunal avaliador requiren que sobre a base da normativa e ante a realidade, nun ámbito específico, se argumente desde o punto de vista xurídico para extraer conclusións e propostas na temática abordada.

Habitualmente a maioría do alumnado defende o TFM na primeira convocatoria, concretamente, na primeira oportunidade de exame que se celebra a finais de xaneiro sendo poucos, en cambio, os que optan por presentarse na segunda oportunidade que ten lugar nos meses de xuño/xullo. A preferencia por xaneiro débese a que hasta o curso 2016/17 unicamente se convocaba unha vez ao ano o exame de acceso para o exercicio da avogacía cuxa celebración ten lugar a finais de febreiro ou principios de marzo. Para presentarse ao devandito exame é necesario ter superadas todas as materias do mestrado.

Pódese afirmar que o cen por cento dos presentados superan con éxito a defensa do seu TFM polo que consideramos que ese pequeno desvío na taxa de éxito nesta materia, débese a que en todo os cursos hai unha porcentaxe moi pequena de estudantes que deciden voluntariamente, por propia iniciativa ou por suxerencia do seu titor/a, deixala súa defensa para o curso seguinte e dedicarlle unha maior atención.

**Análise dos resultados das taxas de materia do Mestrado en Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social.**

A taxa de éxito no Mestrado en Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social. Acada o 100% en practicamente todas as materias sendo lixeiramente mais baixa (95%) na materia Traballo Fin de Mestrado (TFM).

No TFM a taxa de rendemento baixa ata un 64%. Esta taxa defínese como "A relación porcentual entro o número de créditos superados polas persoas matriculadas nun curso e o número total de créditos presentados a exame en dito curso académico". A problemática no TFM do mestrado parece estar mais asociada a o número de alumnos que se o presenta e non tanto no éxito.

**Análise dos resultados das taxas de materia do Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral.**

Trátase dun mestrado interuniversitario. Os datos que se presentan están relacionados cos resultados na Universidade de Vigo exclusivamente.

A taxa de éxito no Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral acada preto do 100% en practicamente todas Incluído o TFM.

E importante destacar a baixa tasa de rendemento que presenta o TFM. Esta non supera o 34%. Como xa se comentou en relación ao Mestrado en Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social a problématica está no número de alumnos que presentan o TFM mais que na taxa de éxito asociada ao mesmo.

## II.1.6. Datos relativos a QSP recibidas

| | | Sinalar (si procede) á titulación) á que corresponden | Resultado Curso X | Resultado Curso X-1 |
|---|---|---|---|---|
| **Queixas** | | | | |
| Relativas á: | Docencia | | | |
| Relativas á: | Infraestruturas | | | |
| Relativas á: | Servizos | | | |
| Relativas á: | .... | | | |
| **Suxestións** | | | Resultado Curso X | Resultado Curso X-1 |
| Relativas á | Docencia | | | |
| Relativas á | Infraestruturas | | | |
| Relativas á | Servizos | | | |
| Relativas á | ... | | | |
| **Parabéns** | | Resultado Curso X | | Resultado Curso X-1 |
| Relativas á | Docencia | | | |
| Relativas á | Infraestruturas | | | |
| Relativas á | Servizos | | | |
| Relativas á | ... | | | |

## Análise dos resultados

Non existen Queixas, suxestións e parabéns.

## II.1.7. Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema

| Procedemento | Código | Rexistro/Evidencia | Estado Situación | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |
| Planificación e desenvolvemento estratéxico | R1-DE01P1 | Plan estratéxico do centro | | | | x |
| Seguimento e medición | R1-DE02P1 | Panel de indicadores | x | | | |
| Revisión do sistema pola dirección | R1 -DE03P1 | Informe de revisión do sistema pola dirección | x | | | |
| Deseño, autorización y verificación das titulacións oficiais* | R1-D00101P1 | Acta da Comisión de Calidade sobre a modificación dunha titulación | | | | x |
| | R2-D00101P1 | Acta da Comisión de Calidade sobre a acreditación dunha titulación | | | | x |
| Seguimento e mellora das titulacións | R1-DO0102P1 | Informes anuais de seguimento | x | | | |
| | R2-DO0102P2 | Informes finais de avaliación das titulacións (ACSUG) | x | | | |
| | R3-DO0102P3 | Informes de revisión interna (U.Vigo ) | x | | | |
| Suspensión e extinción dunha titulación* | R1-DO0103P1 | Resolución de extinción dun título | | | | X |
| | R2-DO0103P1 | Orde de suspensión e revogación dunha titulación publicada no DOG | X Mestrado Dereito da empresa | | | |
| Planificación e desenvolvemento da ensinanza | R1-DO0201P1 | Informe de Coordinación | | X | | |
| | R2-DO0201P1 | Procedemento para o control e seguimento da docencia (ACTA) | x | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Promoción das titulacións | **R1-DO0202P1** | Plan de promoción do centro. | X | | | |
| Orientación ao estudantado | **R1-DO0203P1** | Plan de acción titorial | X | | | |
| | **R1-DO0203P1** | Informe final de avaliación do PAT | X | | | |
| Xestión das prácticas académicas externas | **R1- DO0204 P1** | Criterios de asignación das prácticas curriculares | | X | | |
| Xestión da mobilidade | **R1-DO0205 P1** | Listaxe de estudantado propio seleccionado | | | | x |
| | **R1-DO0205 P1** | Listaxe de estudantado de mobilidade alleo | | | | x |
| Información pública e rendemento de conta | **R1- DO0301P1** | Plan operativo de xestión pública | | | x | |
| Xestións das queixas, suxestións e parabéns | **R1-MC02** | Comunicación da QSP | x | | | |
| | **R2-MC02** | Informe e proposta de resposta validados | x | | | |
| | **R3-MC02** | Informe QSP Periódico | | x | | |
| Satisfacción das usuarias e usuarios | **R1-MC05** | Proposta de PAESU | | | | X |
| | **R2-MC05** | PAESU | | | | X |
| | **R3-MC05** | Ficha técnica de deseño da actividade de avaliación | | | | X |
| | **R4-MC05** | Informe de resultados de avaliación | | | | X |
| | **R5-MC05** | Informe de seguimento do PAESU | | | | X |
| Xestión do PAS | **R1-PE01** | Identificación de necesidades do PAS do centro | | X | | |
| | **R2-PE01** | Identificación de necesidades do PAS do centro | | X | | |
| Xestión do PDI | **R1-PE02** | Resultados de avaliación docente anuais | | X | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | R2-PE02 | Informe para responsables académicos | | | | X O procedemento entrou en vigor no curso 2017-2018 |
| | R2-PE02 | Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas | | | | X O procedemento entrou en vigor no curso 2017-2018 |
| | R4-PE02 | Ficha de programa/ actividade de formación | | | | X O procedemento entrou en vigor no curso 2017-2018 |
| Xestión de recursos materiais* | IT01-PA07 | Criterios de selección de recursos materiais e provedores | x | | | |
| | IT02-PA07 | Ficha de solicitude do recurso material | | | | x |
| Xestión de servizos* | IT01-PA08 | Plan de actuación dos servizos permanentes do centro | | | X | |
| | IT012PA08 | Informe de resultados dos servizos contratados | | | X | |

| | |
|---|---|
| Desenvolvida completamente e rexistrada na aplicación | |
| Realizada parcialmente (non dispoñible para todas as titulacións do centro, non rexistrada...) | |
| Non comezada para ningunha titulación | |
| Non procede | |

# III. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

## *Estado das melloras propostas nos informes anteriores do Grao en RRLL e RRHH*

**PRIMEIRA.-** Sobre a mellora nos resultados do aprendizaxe: taxas de rendemento, eficiencia e éxito. Para o curso 2016/2017, propuxérase a mellora das taxas de rendemento, eficiencia e éxito, decisivas para avaliar a calidade dunha Titulación. Ao respecto, é importante destacar que a de rendemento mantense constante (66%), a de eficiencia redúcese tan só nun punto porcentual (de 84 a 83%) e a de éxito increméntase 3 puntos (de 80 a 83). Xa que logo, cómpre seguir persistindo nesta mellora, e ampliala hacia todos os resultados dos indicadores afectados.

**SEGUNDA.-** Sobre a potenciación dos mecanismos de coordinación intra e inter materia: no curso 2016/2017 implantouse a medida da limitación do número máximo de docentes por materia: 2 nas de 6 créditos e 3 nas de 9 créditos. A idea é persistir na mellora da coordinación inter-asignatura, máis alá da coordinación intra-materias a través das funcións da persoa responsable da coordinación da Titulación. Para os alumnos o resultado da referida limitación é positivo. Con todo, certas eventualidades –baixas repentinas de docentes- provocan que a veces sexa imposible manter esta limitación. Con todo, a limitación persisitirá nos cursos posteriores.

**TERCEIRA.-** Sobre a mellora da difusión da titulación entre os grupos de interés e a sociedade, cómpre salientar que durante o curso 2016/2017 a mellora foi ostensible en

relación coas actividades de difusión desenvolvidas en cursos anteriores. A persoa responsable da actividade de difusión foi a Vicedecana de Organización Académica e a propia Decana, estendéndose puntualmente as accións a outros Vicedecanos/as do Centro. A accións de difusión da Titulación leváronse a cabo, nunhos casos, desplazándose os responsables da Facultade aos centros de ensinanza -institutos e colexios- e noutros recibindo aos estudantes na propia sede Universitaria. En total, entre visitas recibida e efectuadas, computáronse máis de corenta. Por outra banda, responsables do Centro tamén acudiron ao Salón da Oferta de Educación e Formación de Galicia (EDUGAL), celebrado en Pontevedra o día de 15 de febreiro de ano 2017 no que se recibían estudantes de diferentes de centros de educación media da Provincia de Pontevedra para informarlles sobre as diferentes titulacións universitarias ofertadas na UVigo, entre elas, o Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos.

## ***Estado das melloras propostas nos informes anteriores do Mestrado en Avogacía***

**PRIMEIRA.-** Mellora da orientación ao estudantado: no curso 2016-17 aumentáronse o número de reunións do PAT. De modo que se convoca a todo o alumnado do Mestrado a un mínimo de dúas reunións colectivas e presenciais cada cuadrimestre. Ademais, os titores atenden as necesidades e consultas que ben de forma individual ou ben en grupo, lles expoñan os estudantes. Esta atención pode ser presencial ou telemática conforme o demande o/a alumno/a.

**SEGUNDA.-** Necesidade de insistir na esixencia dunha valoración más ponderada por parte dos titores profesionais na materia de Prácticas Externas. No mestrado en avogacía de Vigo e Pontevedra se valora para a cualificación das prácticas o informe do titor profesional e as memorias realizadas polo alumnado. Tras detectar pola

coordinación e polos titores académicos das prácticas que en moitos casos a cualificación do titor profesional era, en todos os ítems, de 10 puntos ou próxima ao 10 o que a súa vez contrastaba co escaso interese que o estudante mostraba na elaboración da memoria de prácticas, acordouse a modificación da normativa reguladora das prácticas co fin de outorgarlle maior peso, na valoración final, á memoria realizada polo alumnado. Tras aprobar, no curso 2015/2016 a modificación da devandita normativa as cualificacións obtidas polo estudantado na materia de prácticas externas e prácticas externas básicas son moito mais equitativas.

## ***Estado das melloras propostas nos informes anteriores do Centro (Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo)***

**PRIMEIRA.-** Como proposta de mellora, e co obxectivo de avanzar no proceso de internacionalización da Facultade, expúxose aumentalo número de conferencias e clases impartidas polo profesorado externo o Sistema Universitario español. Obxectivo cumprido coa semana de internacionalización.

**SEGUNDA.-** Aumentar o número de alumnado na docencia en inglés. Obxectivo desenvolvido parcialmente.

## IV. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

### ***Melloras propostas do Grao en Dereito***

**PRIMEIRA.-** Proponse levar a cabo un control e unha planificación exhaustiva dende o Decanato, ao inicio de cada cuadrimestre, para garantir unha porcentaxe de participación nas enquisas de avaliación docente que se achegue progresivamente ao 100%.

**SEGUNDA.-** Proponse que dende o Vicedecanato de Calidade se planifiquen accións específicas destinadas a información, asesoramento e estímulo para que o profesorado do centro que aínda non o fixo, se someta á próxima convocatoria de avaliación DOCENTIA quinquenal.

**TERCEIRA.**- Valorar a actualización da memoria verificada do título, para corrixir aquelas desviacións e erros xa detectados e que aparecen mencionados nos informes de seguimento previos. Co obxectivo de incorporar os erros detectados a través dos informes de seguimento do título e outros cambios que se consideren convenientes. Polo tanto as Xuntas de Facultade dos dous centros valorarán a oportunidade de aprobar en Xunta de Titulación a preceptiva presentación dá a expresión de interese para proceder á modificación da memoria de verificación.

**CUARTA**.- Reunión co alumnado e profesorado para abordar os problemas de organización temporal das materias no plan de estudos. O motivo é que nas enquisas de satisfacción do alumnado, a pregunta relativa á organización temporal obtén unha puntuación moi baixa. O obxectivo é detectar se existen materias que deberían moverse de cuadrimestre.

**QUINTA.-** Continuar coa análise das taxas académicas por materia dos estudantes e o estudo comparativo entre sedes en materias nas que as taxas revelen un reducido rendemento dos estudantes.

## ***Melloras propostas do Grao en RRLL e RRHH***

**PRIMEIRA.-** Consonte os puntos débiles expostos nas reflexións anteriores, a primeira proposta de mellora deber pasar por reducir a taxa de abandono e incrementar a taxa de gradación.

No que atinxe á **taxa de abandono** alcanzada no curso 2016/2017 (32,61 %) hai que intentar aproximarse á meta de calidade asociada fixada en ≤ 20 %.

- Os destinatarios da presente mellora son os estudantes dos primeiros cursos da titulación, especialmente, do 1º curso.
- Responsable da súa aplicación: os responsables do Centro –Decanato- e Titulación –coordinación-. A estes efectos serán fundamentais as opinións

dos estudantes a través do Plan de Acción Titorial e a funcións da persoa encargada da Coordinación da Titulación.

- Non se precisan recursos/financiación específicos.
- Prazo execución: segundo cuadrimestre curso 17/18.

No que atinxe á **taxa de gradación** alcanzada no curso 2016/2017 (29,67 %) tamén hai que intentar aproximarse á meta de calidade asociada (≥40 %).

- Os destinatarios da presente mellora son os estudantes da titulación.
- Responsable da súa aplicación: os responsables do Centro –Decanato- e Titulación –coordinación-. A estes efectos serán fundamentais as opinións dos estudantes a través do Plan de Acción Titorial e as e a funcións da persoa encargada da Coordinación da Titulación.
- Non se precisan recursos/financiación específicos.
- Prazo execución: segundo cuadrimestre curso 17/18.

**SEGUNDA.- Grao de satisfacción dos distintos colectivos interesados.** Mellorar o índice de satisfacción que presentan os estudantes do Grado en RRLL e RRHH nos seguintes resultados: **grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino (**2,93) cando a meta de calidade asociada é de ≥3/5 e do **grao de satisfacción do estudantado (**3,01). Neste último non hai meta de calidade asociada. É evidente que aínda que a calidade e desenvolvemento da Titulación do Grao en RRLL e RRHH sexa máis que positiva, como acreditan o resto dos resultados, a inserción laboral, e como así foi constatada pola ACSUG no proceso de acreditación levado a cabo dous anos atrás (no 2016) é importante que a percepción da referida calidade polos seus principais destinatarios –os estudantes- tamén sexa óptima, de aí a proposta como acción de mellora. Prazo execución: segundo cuadrimestre curso 17/18.

- Os destinatarios da presente mellora son os estudantes da titulación.
- Responsable da súa aplicación: os responsables do Centro –Decanato- e Titulación –coordinación-. A estes efectos serán fundamentais as opinións dos estudantes a través do Plan de Acción Titorial e as e a funcións da persoa encargada da Coordinación da Titulación.
- Non se precisan recursos/financiación específicos.
- Prazo execución: segundo cuadrimestre curso 17/18.

**TERCEIRA.- Recursos Humanos**. Aínda que o número de doutores que imparten docencia na Titulación non é nada despreciable e se incrementou considerablemente nos últimos anos, aínda queda un importante camiño por recorrer, especialmente para estabilizar a una amplo número de docentes eventuais. Doutra banda, que o Centro non teña competencia neste tema, non xustifica que non sexa unha das súas prioridades, aínda que teña que elevar as peticións aos órganos competentes da Universidade de Vigo. Xa que logo, outras das melloras propostas para o vindeiro curso será estabilizar ao profesorado eventual e aumentar a contratación de máis doutores.

- Ámbito de aplicación da mellora: o Centro, en concreto, a Titulación do Grao en RRLL e RRHH
- Responsable da súa aplicación: a Reitoría tras a evacuación das solicitudes por parte do Decanato do Centro.
- Recursos: os orzamentos da Universidade.
- Prazo execución: segundo cuadrimestre curso 17/18.

**CUARTA.-** Durante o desenvolvemento do curso 2016/2017, en concreto, no momento de elaboración das guías docentes para o curso 2017/2018, foi constatada unha incidencia na materia “Economía Laboral”, obrigatoria de 3º curso do Grao. A incidencia é a seguinte: os contidos incluídos na guía da materia “Economía Laboral”, obrigatoria

de 3º curso do Grao, non se corresponden cos da ficha da referida materia aprobada segundo o Plano de Estudos do Grao no ano 2014 (Plano Novo). E non se corresponde, toda vez que foi atopado un erro no referido Plan consistente nunha duplicidade de contidos cos de outra materia do Grado "Economía Española", obrigatoria de 1º curso. Como solución temporal, acordouse que para a materia "Economía Laboral" se propoñan como contidos substantivos da guía docente os que no Plano de Estudos anterior integran a mesma e que son os que tradicionalmente conforman os de "Economía Laboral".

A solución para solventar definitivamente esta incidencia, é modificar o Plan de Estudos do Grao en RRLL e RRHH.

Xa que logo, esperarase a que se produza unha modificación substancial do Plano de Estudos do Título para solventar tamén a incidencia descrita. Prazo execución: segundo cuadrimestre curso 17/18.

**QUINTA.-** A raíz do proceso de acreditación do Grao en Dereito durante curso 2016/2017 identificouse como demanda a necesidade de incidir na mellora da información dispoñible polo alumnado acerca da oferta de optatividade. Polo tanto realizarase un curso informativo básico sobre a elección de materias optativas de cuarto curso e tamén informarase sobre as diferentes mencións, prácticas curriculares, formación de posgrao e saídas profesionais. Prazo execución: segundo cuadrimestre curso 17/18.

http://dereito.uvigo.es/images/docs/alumnado/Curso_3.5_2017-18.pdf

## ***Melloras propostas do Mestrado en Avogacía***

